

## **A FUVI E O TRABALLO DOS ESTUDIANTES (20/05/2004)**

Como xa coñecera a maioría da comunidade universitaria o Vicerreitor de Relacións Institucionais, Xabier Martínez Cobas, ven de integrar a Oficina de Orientación ao Emprego na Fundación Universidade de Vigo, tras intentar no ano 2003 facer unha selección subxectiva (que aínda está sen concluír) e negarse a dialogar cos representantes dos traballadores e traballadoras, ademais doutra restrita de irregularidades que denunciámos en anteriores mensaxes.

Agora imos ocuparnos dos seus planes para a OFOE analizando o que sabemos, é dicir, o que lle contou a prensa.

En declaracións a Faro de Vigo o 28 de abril de 2004 o vicerreitor de relacións institucionais dixo o seguinte:

*“Que la OFOE se integre en la Fundación nos abre puertas en convocatorias a las que hasta ahora no podíamos acceder y **nos da también la posibilidad de financiar el servicio con las aportaciones que hagan las empresas por cada contrato que formalicen con nuestros estudiantes**”*

*“La OFOE se encarga de poner en contacto a las empresas con los estudiantes, **de forma que éstos puedan acceder a prácticas no remuneradas si aún no concluyeron sus estudios o a contratos de prácticas si se trata de titulados**”.*

Unha das razóns para querer desfacerse dalgunhas orientadoras laborais que traballaron na OFOE ata marzo de 2003 foi que discrepaban con vostede con respecto a se as prácticas nas empresas tiñan que ser remuneradas ou non. As expertas (que vostede depurou) defendían que si, e vostede que non. Por certo, a opinión das orientadoras era coincidente coa do vicerreitor que o precedeu e tamén coa do anterior director da oficina.

As declaracións feitas a Faro de Vigo non deixan lugar a dúbidas, vostede, a cambio de regalar mano de obra ás empresas pretende conseguir un beneficio económico para a FUVI. É dicir o salario e a plusvalía do traballo desenvolvido polos nosos estudantes o van a repartir entre os empresarios e a Fundación, convertendo, de paso, a OFOE nunha lucrativa empresa de traballo temporal (ETT).

A precariedade laboral, por se non o sabe, é un mal social, unha sorte de virus que afecta negativamente o benestar das persoas, dexenera o tecido social, ataca o benestar e desvaloriza gravemente o mesmo tecido productivo.

Un grave asunto co que a universidade debera de estar comprometida esixindo, cando menos, que aos nosos estudantes e egresados se lles pague de acordo coa súa valía e formación e non lucrándose das prácticas que poidan desenvolver nas empresas.

¿Que salario vai a pagar, posteriormente, un empresario que ten a posibilidade de contratar traballadores en prácticas de balde?

¿Que prestixio lle queremos dar as nosas titulacións se a propia universidade non valora nin esixe que se valore a capacidade e o traballo dos nosos estudantes?

Parece que a súa intención é facer caixa, converter un servizo nun negocio. O que vostede quere aplicar é neoliberalismo puro e duro, condicións laborais máis propias do século XIX que do século XXI. Mais, que podemos esperar dun equipo de goberno que descoida, dende fai moito tempo, a boa xestión dos seus recursos humanos e a quen parece que lle importan máis os edificios e a paisaxe que as persoas que estudian ou traballan na institución.

Sr. Martínez Cobas, en declaracións a “La Voz de Galicia” o pasado 30 de abril afirmaba que quería solicitarlle ao reitor comparecer no Consello de Goberno para dar conta do seu labor ao fronte da OFOE. É o seu deber facelo vostede, por se o esqueceu traballa nunha institución de dereito público e democrática que conta cos seus órganos de goberno e na que os seus cargos unipersonais teñen o deber de dar conta da súa xestión. Cando o faga os representantes dos traballadores/as pediremos tamén intervir para dar así mesmo conta da gravidade dos feitos que estamos a denunciar.

Sección Sindical de CC.OO.  
Universidade de Vigo  
Telf e Fax: 986 81 38 61  
e-mail: [ccoo@uvigo.es](mailto:ccoo@uvigo.es)  
<http://www.uvigo.es/webs/ccoo>

Sección Sindical de UGT  
Universidade de Vigo  
Telf e Fax: 986 81 38 59  
e-mail: [ugt@uvigo.es](mailto:ugt@uvigo.es)  
<http://www.uvigo.es/webs/ugt>

---